



“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

1. Datos do centro

Código	Denominación
15027560	CEIP MESTRE PASTOR BARRAL

Enderezo	C.P.	
RÚA CAMIÑO REAL S/N	15800	
Localidade	Concello	Provincia
MELIDE	MELIDE	A CORUÑA
Teléfono	Correo electrónico	
881866130	ceip.pastor.barral@edu.xunta.es	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/		

Índice

Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual	4
Medidas de limpeza	5
Material de protección	5
Xestión dos abrochos	5
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	6
Medidas de carácter organizativo	6
Medidas en relación coas familias e ANPA	6
Medidas para o alumnado transportado	7
Medidas de uso do comedor	7

Medidas específicas para o uso doutros espazos	7
Medidas especiais para os recreos	8
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	8
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	8
Medidas específicas para alumnado de NEE	9
Previsións específicas para o profesorado	9
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	9

Id.	Medidas de prevención básica
------------	-------------------------------------

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto			881866130
Membro 1	M ^a Belén Mejuto Torreiro	Cargo	Directora
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros e suplentes no equipo covid. • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo covid. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos. 		
Membro 2	Mónica Vilariño Fociños	Cargo	Xefa de Estudos
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo de educación infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Difundir a información ao ciclo de infantil e ás familias. 		
Membro 3	Miguel Angel Sánchez Vila	Cargo	Mestre de Ed. Física
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria. • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias. 		

3. Centro de saúde de referencia			
Centro	Centro de Saúde de Melide		Teléfono 981815483
Contacto	Carmen Silva Varela Castro e Ana María Millán Agrasar		

4. Espazo de illamento
<p>O local da ANPA Camiño Real será o lugar que adoptaremos como local de illamento, atópase ao lado da sala de mestres. Estará dotado, o citado local, de mascarillas, termómetro, panos desbotables, luvas e xel hixienizante.</p> <p>Trátase dun espazo ventilado, conta cunha ventá ampla.</p>

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa	
Educación infantil 4º	14
Educación infantil 5º	16
Educación infantil 6º	17
Educación primaria 1º	13
Educación primaria 2º	18
Educación primaria 3º	18
Educación primaria 4º	20
Educación primaria 5º	22
Educación primaria 6º	22
TOTAL	160

6. Cadro de persoal do centro educativo	
Educación Infantil	4
Educación Primaria	6
Mestres/as Especialistas	8
Orientación	1
Persoal Non docente	2
Total	21

7. Determinación dos grupos estables de convivencia
--

Etapa	INFANTIL			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	3 ANOS	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado			

Etapa	INFANTIL			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	4 ANOS	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado			

Etapa	INFANTIL			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	5 ANOS	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	A
Aula	Primeiro	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula	Segundo	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	A
Aula	Tercero	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	Cuarto	Nº de alumnado asignado	20	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	Quinto	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado			

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	Quinto	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado			

8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia

De acordo co establecido na *Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e se dispón a publicación da Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se*

aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21, e nas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, segundo a Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as anteditas Instrucións, en Educación infantil e na Educación primaria a organización do alumnado establecerase en grupos de convivencia estable. Garantirase a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

- O alumnado de 3 a 6 anos accederá con máscara a aula e unicamente poderá quitala cando o profesorado considere que se dan as condicións de seguridade axeitadas. O resto de alumnado, de 6 a 12 anos, empregará a máscara en todo momento.
- Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego, cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas.
- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, reducíndoos aos que sexan imprescindibles.
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.
- Cando sexa preciso usar a pizarra cada alumno levará o seu rotulador para a pizarra.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros/as. O material de uso individual estará debidamente identificado e gardado nun estoxo. Non se empregarán materiais compartidos sen previa desinfección.
- As aulas contarán con xel hixienizante, panos desbotables e papeleiras de pedal.

Algunhas das restriccións limitan a liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero dada a situación sanitaria temos que facer un esforzo.

9. Canle de comunicación

Profesorado:

- Vía telefónica: ao centro ou ao coordinador do equipo COVID
- Correo electrónico: ceip.pastor.barral@edu.xunta.gal

Alumnado:

- Vía telefónica chamando ao colexio : 881866130
- Correo electrónico: ceip.pastor.barral@edu.xunta.gal

10. Rexistro de ausencias

Haberá dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal docente e non docente e do alumnado:

Ao rexistro convencional empregado habitualmente engadiremos o rexistro específico para aquelas ausencias provocadas pola sintomatoloxía compatible coa COVID 19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible coa COVID 19 ademais de recollerse no rexistro convencional, figuran no apartado específico polo que queda eximida a xustificación a efectos de apertura de protocolo de absentismo escolar, e ao mesmo tempo permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación dun caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía COVID 19 serán entregadas a final de mes á persoa que exerza a xefatura de Estudos.

É importante que as ausencias previstas e imprevistas do persoal do centro e do alumnado se comuniquen ao centro á maior brevidade posible a través dos teléfonos de contacto.

11. Comunicación de incidencias

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e e con algunha das

persoas membros do equipo COVID á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.

O proceder será o seguinte:

Aviso ao coordinador COVID-19.

A partir de aquí establecerase a comunicación do coordinador COVID-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado.

- Chamada telefónica á familia do afectad@
- Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
- Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
- Subida de datos á aplicación informática.

Esta aplicación xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos (CSC), quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID 19 ,o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os convivintes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera de resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escolar como ao seu posto de traballo.

Id.	Medidas xerais de protección individual
------------	--

12.	Situación de pupitres
------------	------------------------------

Tal e como indican as instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consejo interterritorial do sistema nacional de saúde pública(DOG nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID -19 nos centros de ensino non universitario

de Galicia para o curso 2020-21.

Os grupos estables de convivencia que deben de formar as aulas de Educación Primaria non necesitan gardar a distancia de 1,5 metros. Polo que os nosos pupitres estarán dispostos nunha situación na que os alumnos poidan observar en todo momento ao seu mestre e sempre gardando a máxima distancia posible.

Anexos planos das aulas

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos

Xa que non temos desdobres, as aulas de infantil e de primaria seguirán sendo as mesmas que en anos anteriores.

Non usaremos as aulas de musica, relixión, inglés e plástica, para que os nenos e nenas permanezan nun único espazo o maior tempo posible.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación

O alumnado con NEAE que reciba apoio por parte das mestras especialista de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, agardará na súa aula a ser recollido/a pola mestra en cuestión. Unha vez finalizada a sesión será acompañado de novo por esta, á aula ordinaria.

A fin de dar continuidade aos grupos de convivencia estables, so compartirá sesión alumnado que pertenza a un mesmo grupo de convivencia estable.

Desinfectaranse as mans tanto á entrada como a saída da aula e cada vez que fose preciso ao longo da sesión.

O uso de máscara será obrigatorio por parte do profesorado e alumnado, salvo as excepcións previstas no ordenamento xurídico.

No caso de material da aula que sexa empregado por máis dun/dunha alumno/a serán desinfectados antes de ser empregados por outro alumno/a. Evitarase en todo momento o uso de materiais e xogos dos que non se poida garantir a correcta desinfección.

Ao final da clase ventilarase o espazo así como se procederá a correcta desinfección

dos elementos das aulas de apoio.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Este espazo será empregado pola Xefatura do Departamento de Orientación e contará coas medidas de hixiene e desinfección necesarias.

As reunións e entrevistas coas familias serán por medios telemáticos, agás casos excepcionais, e sempre con cita previa. Naqueles casos nos que sexa imprescindible a asistencia presencial das familias ás reunións, só poderá acudir un/unha responsable por alumno/a e cumpriranse as medidas establecidas para o uso de espazo: distancia de seguridade e uso de máscara obrigatorio.

Á entrada ao despacho de orientación procederase á desinfección de mans por parte das persoas que acudan a el.

Tras a visita dunha persoa ao despacho, procederase á desinfección das superficies empregadas.

A porta deste espazo permanecerá pechada para cumprir co establecido en canto a protección de datos persoais e medidas hixiénico-sanitarias.

15. Titorías coas familias

As titorías, tal e como establece o protocolo publicado pola Consellería de Educación estableceranse baixo dúas modalidades:

1. Telefónica ou por videoconferencia (opción preferente)
2. Presencial: para aqueles casos que calquera das dúas modalidades anteriores non sexa posible.

Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social. Todos os asistentes deberán levar a máscara e farán a pertinente desinfección das máns. Cando nestas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con antelación para poder facer copias da mesma e así evitar a manipulación conxunta.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

Na medida do posible, restrinxiranse as visitas presenciais ao centro e empregaranse previsiblemente medios telemáticos.

A páxina web do centro

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/>) será o soporte principal no que se publiquen as informacións de relevancia para todo a comunidade educativa. Como sistema de mensaxería empregarase o **Abalarmóbil** preferentemente. Outras vías de comunicación serán o **correo electrónico** e o **teléfono**.

17. **Uso da máscara no centro**

O uso da máscara no centro será de uso obrigatorio para toda a comunidade educativa. Os mestres deben actuar como difusores de conductas responsables que promovan a concienciación do alumnado coa emerxencia sanitaria.

En Educación Infantil tentarase que o alumnado teña a máscara o maior tempo posible.

En Educación Primaria o uso da máscara é obrigatorio, salvo nas clases de AL que sexa imprescindible retirala, ou noutras asignaturas como Educación Física ou Música si hai a distancia de seguridade que está establecido.

Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos para colocalas e quitalas de xeito correcto, así como o procedemento de gardalas na funda.

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

A obriga de levar a máscara non será esixible para as persoas que presenten algunha enfermidade respiratoria que se vexa agravada polo uso continuo da mesma. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

18. **Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa**

A presentación deste plan para toda a comunidade educativa farase dende a **páxina web do centro**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/>

Id. Medidas de limpeza

19. **Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente**

Limpador/a da mañá:

- Limpeza e desinfección dos baños

- Limpeza e desinfección dos espazos de uso compartido.
- Limpeza dos elementos de uso común como pasamáns ou tiradores das portas.

Limpador/a da tarde:

- Limpeza e desinfección das aulas e zonas de uso común
- Limpeza e desinfección dos despachos
- Limpeza e desinfección da sala de mestres
- Limpeza e desinfección dos baños.

As labores de limpeza xeral levaranse a cabo polo menos unha vez ao día, salvo naqueles lugares que pola intensidade do uso serán reforzadas, facendo dita limpeza ata 3 veces na xornada.

Poñerase especial atención nas zonas de uso común e superficies de contacto máis frecuente, como tiradores, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, así como de billas, cisternas e outros elementos dos aseos. Deberán vixiarse o uso e limpeza de papeleiras (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), co obxecto de evitar calquera contacto ou transmisión accidental.

O conserxe encargarse da reposición de xabón, xel hidroalcohólico e papel nos aseos e aulas. Supervisará que haxa existencias suficientes no centro e comunicará ao Equipo Covid as necesidades de intendencia destes materiais.

Ao remate da xornada lectiva, o alumnado de infantil non subirá as cadeiras ás mesas para facilitar así a limpeza e desinfección deste mobiliario, o alumnado de primaria si as debe de subir. Estas deberán quedar completamente libres.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza

Durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e compartido e, no caso dos aseos, de polo menos dúas veces ao día.

A distribución horaria deste persoal depende do Concello de Melide(da empresa que ten a concesión deste servizo)

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Na observación das medidas de limpeza e desinfección por parte do persoal de limpeza, empregarase dilución de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida autorizados e rexistrados polo Ministerio de

Sanidade. No uso destes produtos serán respectadas de xeito estrito as indicacións da etiquetaxe.

Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo este labor, como son as luvas e a máscara.

Logo de cada limpeza, os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Empregaranse distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso.

Corresponde á empresa de limpeza o subministro deste material.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada aseos existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levarlos a cabo.

Ver anexo

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas

En todas as aulas do centro, así como nos diferentes espazos dedicados á actividade docente, existirá un documento no que se rexistren as ventilacións das aulas.

As tarefas de ventilación terán unha duración de polo menos 15 minutos e serán levadas a cabo de forma frecuente e, en todo caso, ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, sempre que sexa posible, entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse abertas as xanelas o maior tempo posible.

A primeira ventilación do día corresponderalle ao conserxe e será realizada antes da entrada do alumnado. O resto da xornada, este labor será responsabilidade do profesorado que, como mínimo, antes e despois de cada sesión deberá ventilar a aula, deixando constancia no modelo creado ao efecto. Ao final da xornada, as tarefas de ventilación corresponden ao persoal de limpeza.

Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera

outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.

Ver modelo de checklist de ventilación.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- Os diferentes espazos do centro contarán con papeleiras específicas e diferenciadas (con bolsa, tapa e pedal), para desbotar os distintos elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).
- Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empreguen para o secado de mans ou para o cumprimento da “Etiqueta respiratoria” serán refugados en papeleiras ou contenedores con bolsa, tapa e pedal.
- No caso de que un/unha alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles/elas. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o/a alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Id. Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

O Equipo COVID19, en colaboración coa secretaría do centro, será a responsable da intendencia, rexistro e inventario de todo o material de protección do que dispón o centro.

Corresponderá ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento destes.

Corresponde ao equipo COVID19, en colaboración coa secretaría do centro organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario e certificar os consumos e gastos producidos.

O material do que dispón o centro escolar é o seguinte:

- Elementos de sinalización e máscaras de protección repartidos pola

Consellería.

- Dispensadores e dosificadores de xel hidroalcohólico.
- Papel de mans e panos desbotables.
- Papeleiras con tapa e pedal.
- Luvas desbotables.
- Batas sanitarias desbotables.
- Termómetros de infravermellos.
- Mamparas de protección e separación.
- Produtos de limpeza e desinfección.
- Alfombras desinfectantes.
- Cartelaría.
- Tres botiquíns repartidos por diferentes andares do centro escolar, un en primaria, outro en infantil e o terceiro no lugar que xa estaba, nos aseos dos mestres.
- Un botiquín no espazo de illamento.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

A persoa que exerza a secretaría do centro xunto co equipo COVID 19 será a responsable da intendencia, rexistro e inventario de todo o material de protección do que dispón o centro.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

Unha vez recibida a dotación inicial por parte da Consellería de Educación, o centro garantirá a existencia de material de protección.

As compras posteriores virán determinadas en base ao consumo destes produtos. Para isto seguiranse os procedementos habituais de compra do centro.

O aprovisionamento de máscaras para o alumnado, o profesorado e o resto de persoal non docente será particular e individual en cada caso, ao tratarse dun elemento de protección obrigatorio; se ben poderá facerse uso das existentes no centro en caso necesario e atendendo ás posibles incidencias como roturas, perda, contaminación, etc.

No caso do material de protección individual (máscara e luvas) e os panos desbotables adquiridos polo centro, serán custodiados na secretaría e existirá unha folla de rexistro que deberá ser cuberta polos usuarios no caso de solicitalo.

--

Id.	Xestión dos abrochos
------------	-----------------------------

28.	Medidas
------------	----------------

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dura esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "*Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos*", en virtude da mesma:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de

contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid 19 á maior brevidade posible.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa
------------	---

A persoa titular da dirección será a encargada de manter a comunicación desde o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación e, de ser o caso, da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle, así mesmo, a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
------------	---

30.	Procedemento de solicitudes
------------	------------------------------------

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais

deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.

Id.	Medidas de carácter organizativo
------------	---

31.	Entradas e saídas
------------	--------------------------

As entradas e saídas no recinto escolar faranse escalonadas, cada grupo entrará á hora e pola asignada gardando un a distancia de seguridade entre alumnos de 1,5m polo que se solicita encarecidamente aos pais/nais que non se xunten na entrada demasiadas persoas e que se acerquen solo cando lle corresponda entrar ao grupo dos seus fillos/as. Tentaremos entre todos que se poida realizar de forma fluída para entorpecer as entradas e saídas e así poder aproveitar ao máximo o tempo lectivo, que xa se ve diminuído polas medidas Covid-19.

Cada mestre irá ao portal que lle corresponda a recoller o alumnado que lle debe impartir docencia na 1ª hora.

Lembramos que os pais/nais non poderán acceder ao recinto escolar nese momento, salvo para o alumnado de Ed. Infantil, que entrarán ata a porta do colexio para deixar o alumno/a, e só un por neno/a e mantendo a distancia de seguridade.

Nas saídas, e co fin de que os responsables de recoller o alumnado non se agrupen na entrada, o alumnado saírán sempre por orde de lista. Así cada pai/nai xa sabe en que momento debe de achegarse á porta para recoller o alumno/a.

Tanto nas entradas como nas saídas e para que non coincidan alumnos/as de distintos grupos, se algún se retrasa en calquera das dúas situación, deben de agardar no coche ou apartados cunha distancia suficiente a que rematen as entradas e/ou saídas para que o neno poida entrar no colexio ou saír.

32.	Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo
------------	---

PRIMARIA

PORTAL PRINCIPAL	ENTRADA	SAÍDA
-------------------------	----------------	--------------

LADO DEREITO		
4º	09:05	14:05
1º	09:10	14:00
2º	09:15	13:55

PORTAL LATERAL AO LADO DO PABELLÓN		
Entran e saen polas escaleiras do ximnasio	ENTRADA	SAÍDA
6º	09:05	14:05
5º	09:10	14:00
3º	09:15	13:55

ED. INFANTIL

PORTAL PRINCIPAL	ENTRADA	SAÍDA
LADO ESQUERDO		
5 ANOS	09:05	14:00
4 ANOS	09:15	13:50
3 ANOS	09:25	13:40

33. Cartelería e sinalética

Atendendo ao disposto no artigo 11 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021, habilitaranse dous accesos ao recinto escolar.

O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo, advertindo sobre o respecto á distancia de seguridade, sintomatoloxía da COVID19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre a hixiene individual.

Para a súa colocación, reservaranse os espazos máis visibles.

Os corredores e demais espazos de tránsito estarán marcados con frechas indicativas da dirección a seguir, sempre pola dereita dos mesmos.

Nos aseos haberá cartalaría recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.

Os puntos nos que se atopen os dispensadores de xel hidroalcohólico estarán debidamente sinalizados.

Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.

34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

O alumnado que acode ao centro en autobús será recibido por un grupo de tres mestres de garda, un que estará na porta controlando que se garde a distancia de seguridade, outro que vixiará ao alumnado de primaria, que terán que ir directos á súa aula e sentarse na súa cadeira, e outro que vixiará ao alumnado de Infantil de igual xeito. Con todos eles adoptaranse as medidas de hixiene e seguridade acordadas no centro.

Levantarse do seu sitio nese intre e noutros sen o permiso do mestre será considerada unha falta grave dada a situación que estamos a vivir.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia

Gardas de transporte: 3/4 mestres.

Gardas de recreo: 4 mestres/as en primaria e 3 mestras en Ed. Infantil

Gardas de entrada: colaborarán todos os mestres dispoñibles co mestre/a encargado de recoller o alumnado na porta correspondente.

Id. Medidas en relación coas familias e ANPA

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada

O colexio non presenta este servizo

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor

- A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo deste plan. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.
- Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar e realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

A convocatoria de reunións do Consello Escolar, así como as das distintas comisións constituídas no seo do mesmo, realizarase de xeito telemático, empregando para elo as canles destinadas a este efecto (correo electrónico, *Abalarmóbil...*)

Os Consellos Escolares levaranse a cabo preferentemente de xeito telemático e atendendo á situación epidemiolóxica. De celebrárense excepcionalmente de xeito presencial, utilizaranse espazos habilitados para tal fin que permitan garantir, en todo momento, as medidas hixiénico-sanitarias, de protección e distancia social.

Do mesmo xeito, para a solicitude de xuntanzas coas ANPAS empregaranse medios telemáticos (correo electrónico).

Estas xuntanzas levaranse a cabo, preferiblemente, de xeito telemático.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

As titorías levaranse a cabo os luns de 16:00 ata as 17:00 horas como adoitaba ser. Sempre con cita previa, que será solicitada polas canles de sempre, na axenda do alumno ou telefonicamente.

As titorías serán preferentemente por vía telemática, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula de titoría do alumno, sempre con mascarilla, desinfección de mans á entrada e a saída, e colocación cunha distancia de seguridade de metro e medio.

40. Normas para a realización de eventos

Atendendo á situación sanitaria e social derivada da pandemia provocada pola COVID19, e salvo unha mellora notable na situación epidemiolóxica que esixa modificacións nos Protocolos vixentes, durante o curso 2020-2021, evitarase a

celebración de actividades que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia, así como as que esixan unha especial proximidade.

Corresponde aos diferentes equipos docentes a programación e organización da celebración das conmemoracións recollidas na *ORDE do 25 de xullo de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, e outras actividades didácticas, respectando o establecemento dos grupos de convivencia estable e atendendo ás seguintes premisas:

- Evitarase, en todo momento, mesturar alumnado de diferentes niveis e, en ningún caso, o alumnado dos distintos grupos de convivencia estable.
- Estas actividades desenvolveranse ao aire libre, sempre que a climatoloxía o permita.
- Cumprirase, de xeito rigoroso, coas labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración da actividade.
- Para a celebración destas actividades empregaranse medios telemáticos sempre que sexa posible.
- Respetaranse as limitacións de aforo e as normas hixiénico-sanitarias, de distancia social e a ventilación naqueles actos que se desenvolvan no centro escolar.
- As saídas didácticas, que poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, en canto a transporte, aforos, etc.

As saídas didácticas levaranse a cabo, preferentemente, dentro da propia localidade e ao aire libre, rendabilizando e pondo en valor os recursos e o patrimonio cultural e natural do Concello.

Id.	Medidas para o alumnado transportado
------------	---

41.	Medidas
------------	----------------

O transporte realizará o seu servizo e deixará e recollerá aos alumnos na Rúa Camiño Real como adoitaba facer.

As entradas do alumnado transportado quedan reguladas no apartado de entradas e saídas.

Os/as acompañantes da empresa de transporte aos que lles corresponda a vixilancia do alumnado velarán porque todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha maior trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

42.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado
------------	---

Non temos este servizo.

43.	Persoal colaborador
------------	----------------------------

Como non temos comedor, tampouco dispoñemos de persoal colaborador.

44.	Persoal de cociña
------------	--------------------------

Non temos.

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
------------	---

45.	Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...
------------	---

O alumnado acudirá a estes espazos unicamente no horario marcado a tal efecto. Evitarase usar ditos espazos de xeito improvisado e neles extremaranse os protocolos de hixiene, limpeza e ventilación por tratárense de espazos de uso compartido.

Nestes espazos extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os

contactos co material.

En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros, salvo que se conte con mamparas nos casos e condicións establecidas no punto 3.3.A.C. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais. Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

O material e mobiliario de uso compartido será desinfectado ao inicio da sesión e unha vez rematada esta. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns. O uso do material planificarase coa menor manipulación posible. En xeral, en cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais.

Cando de use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. Cando a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1'5 metros.

46. Educación física

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de

hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da mascara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

47. Cambio de aula

Para o traslado de alumnado están os corredores sinalizados no chan con frechas e pasos que os alumnos deben de seguir. O profesorado supervisará que estes desprazamentos se realicen correctamente mantendo a distancia de seguridade.

Cando os alumnos/as asistan ás aulas de PT ou AL serán as mestras especialistas quen os recolla na aula de referencia e os volva deixar unha vez rematada a sesión. Tanto na entrada como na saída destas aulas desinfectarán as mans con xel hidroalcolico.

48. Biblioteca

A persoa encargada de biblioteca establecerá unhas normas de uso.

Ate que a situación epidemioloxica mellore a biblioteca permanecerá pechada.

Farase préstamo de libros, sempre con grupos reducidos de alumnos e gardando a distancia axeitada.

O uso da máscara é obrigatorio.

Durante o horario lectivo, o acceso a mesma será baixo petición previa, sendo a mestra responsable do grupo a encargada de garantir as medidas de hixiene e desinfección. Durante os recreos esta permanecerá pechada.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser empregados de xeito que se manteñan as distancias de seguridade. Ao inicio e ao rematar, hixienizaranse os postos que foron ocupados.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual, aínda que os libros e material devolto permanecerán illados un mínimo de 24 horas antes de volver aos andeis.

Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

En canto aos equipos informáticos dispoñibles na biblioteca escolar para o alumnado, será necesario que os/as usuarios/as realicen unha limpeza de mans antes

e despois do seu uso. Será necesario, por parte dos usuarios/as ou dun adulto/a, a desinfección dos elementos de uso: teclado, rato e pantalla.

Serán retirados carteis e outros obxectos vinculados a actividades e proxectos finalizados para facilitar a limpeza e desinfección deste espazo.

O equipo de traballo da mesa de xestión (ordenador, pantalla, teclado, superficie da mesa...) será usado preferentemente polos integrantes do equipo de biblioteca e desinfectarase despois do seu uso.

O Ceip Mestre Pastor Barral este curso pechará a biblioteca en horario de recreo e polas tardes e permanecerá aberta para o préstamo de libros seguindo o horario asignado a cada curso.

A Anpa Camiño Real non fará actividades extraescolares, polo menos este primeiro trimestre. Segundo se vaian observando os datos da pandemia podemos modificar o protocolo.

49. Aseos

Asignarase un aseo a cada grupo de convivencia estable co fin de que os mestres/as poidan controlar o aforo de un alumno por aseo. Quedan repartidos do seguinte xeito:

Baños a carón do ximnasio: os da dereita para 6º de primaria, e os da esquerda 5º de primaria

Baños do corredor de primaria: Dereita para 2º de `primaria e esquerda para 1º.

Baños a carón da biblioteca: dereita para 4º de primaria e esquerda para 3º.

Baños de PT e AL: serán empregados polo alumnado que asiste a esas aulas.

Baños de Ed. Infantil: estes como eran compartidos cada dúas aulas, colocáronse taboleiros separadores quedando para a aula de 6º de Ed. Infantil e para a Aula Específica un inodoro e dous lavados correspondentes a cada unha e para as aulas de 4º e 5º de Ed. Infantil dous inodoros e dous lavados para cada unha das aulas.

O profesorado empregará os aseos asignados doutros anos situados enfrente de dirección.

Ademais de ir aos aseos cando teñan necesidade, cada grupo irá aos aseos asignados para lavar as mans con auga e xabón como mínimo antes da merenda e

despois do recreo coa supervisión do profesorado. En cada aseo está habilitado un dispensador de xabón e outro de toallíñas desbotables, así como a papeleira con tapa e pedal.

Id.	Medidas especiais para os recreos
------------	--

Horarios e espazos

O recreo establécese na franxa horaria de 11:50 a 12:20 .
En Ed. Infantil divídese tanto o patio cuberto como o descuberto pola metade con barreiras cedidas polo concello. Dous grupos de infantil sairán a cadansúa parte do patio pola porta do lado correspondente ao que lle toque ese día.

O terceiro grupo de Infantil sairá ao recreo pola porta de entrada ao centro e estará ese tempo no espazo habilitado na entrada do recinto.

Non se poderá acceder ás zonas do areeiro nin das pedras, nin levar xoguetes ao patio.

Estas zonas de recreo serán rotatorias para os tres grupos de Ed. Infantil.

Para os recreos de Ed. Primaria establécense dous supostos:

Días de bo tempo: sairán todos os grupos de primaria ao patio para as zonas que lle correspondan contando con que son rotatorios.

Días de mal tempo: cada día tres grupos sairán ao patio e tres quedarán nas aulas de forma rotatoria, de tal xeito que nunca quedará o mesmo grupo dous días seguidos sin saír ao exterior.

Zonas de recreo para días de bo tempo. (Todos os Mestres de garda no patio)

- Dous grupos no pabillón cuberto que estará dividido pola metade. **Zonas 1 e 5**
- Dous grupos na zona de herba que tamén estarán delimitadas. **Zonas 2, 6 e 4**
- Un grupo na zona do patio cementada e soportales. **Zona 3**

Zonas de recreo para días de bo tempo (Dous Mestres no patio e dous nas aulas)

- Dous grupos no pabillón cuberto. **Zonas 1 e 5**
- Un grupo nos soportales do patio. **Zona 3**
- Tres grupos na aula correspondente. **Zonas 2, 4 e 6**

51.	Profesorado de vixilancia
------------	----------------------------------

En cada recreo estarán asignados un grupo de mestres para a vixilancia do alumnado. No caso de Ed. Infantil, estableceronse quendas de tres mestras por día entre as que forman o Equipo de Ed. Infantil, xunto coa coidadora en horario de 11:50

a 12:20.

Para Ed. Primaria o grupo de mestres/as de garda de recreos está formado por un catro docentes. No caso de días de bo tempo estarán todos no patio vixiando as zonas e no caso de mal tempo estarán dous no patio e soportales vixiando tres grupos de alumnos e outros dous vixiando os tres grupos restantes que estarán nas aulas por carecer de máis espazos cubertos. Estes grupos están formados por profesorado que imparte docencia neses niveis.

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

52. Metodoloxía e uso de baños

Baños de Ed. Infantil: os aseos eran compartidos cada dúas aulas. Colocáronse taboleiros separadores quedando para a aula de 6º de Ed. Infantil e para a Aula Específica un inodoro e dous lavados correspondentes a cada unha e para as aulas de 4º e 5º de Ed. Infantil dous inodoros e dous lavados para cada unha das aulas.

Baños de primaria: Baños da dereita para o grupo de 2º e baños da esquerda para o grupo de 1º.

O profesorado que estea a impartir docencia en cada grupo será o encargado de vixiar o correcto uso dos baños e o lavado de mans e de xel hixienizante que deberán empregar antes de usar o baño. Vixiarán que vaian en orde.

Queda terminantemente prohibido beber dos grifos dos baños

53. Actividades e merenda

Antes da merenda todos os nenos/as teñen que lavar as mans de un en un e empregando xabón e papel para secar as mans, sempre coa axuda e supervisión da mestra.

Para este proceso e máis merendar calcúlase unha media hora que será flexible según as circunstancias.

Merendarán nas aulas, momento no que sacarán as máscaras e meteranas na bolsa ou caixa habilitada para iso. Unha vez rematada a merenda volverán a poñer as súas

máscaras.

Id.	Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
------------	--

54.	Emprego do equipamento
------------	-------------------------------

Non dispoñemos deses espazos.

Id.	Medidas específicas para alumnado de NEE
------------	---

55.	Medidas
------------	----------------

Enténdese por alumnado con Necesidades Educativa Especiais a todo aquel que requira por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastorno graves de conducta.

Tendo en conta o alumnado con NEE escolarizados no CEIP Mestre Pastor Barral de Melide, e as características destes/as, propóñense as seguintes medidas para levar a cabo:

A partir dos 6 anos, promoverase o uso de máscara por parte do alumnado con NEE, sempre que sexa posible baixo as excepcións previstas no ordenamento xurídico.

O uso de máscaras e as medidas de hixiene serán aspectos a traballar nas sesións de apoio e na aula ordinaria en colaboración coas familias.

Recoméndase o uso de viseiras/pantallas por parte do persoal que preste atención a este alumnado.

Extremaranse as medidas de desinfección e ventilación das aulas de apoio e ordinarias, tendo en conta as características individuais deste alumnado.

Atendendo ás características individuais do alumnado con NEE e en función destas, será acompañado nas entradas e saídas, así como nos traslados, momentos de recreo e posibles saídas complementarias e extraescolares.

Naqueles casos nos que non presenten dificultades de autonomía, estes encabezarán a fila nas entradas, saídas e desprazamentos polo centro. Nos recreos extremarase a vixilancia deste alumnado.

Serán acompañados durante a hixiene de mans sempre que se leven a cabo; dando en todo momento marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco. Estes estarán sinalizados de xeito que só poidan facer uso dos mesmos este alumnado.

Ditas medidas serán obxecto de seguimento por parte do Equipo Covid e o Departamento de Orientación para a súa adaptación de ser preciso.

56. Medidas e tarefas. Seguimento

A coidadora manterá as normas de hixiene e prevención establecidas por sanidade.

En cada ocasión que interveña con un alumno/a empregará guantes que desbotará ao rematar, ademais da máscara e un mandilón apto para ser desinfectado con unha solución homologada. Tamén se desinfectará a zona empregada despois de cada uso.

Empregará para o aseo do alumnado material dun so uso e procederá ao lavado e desinfección das mans despois de realizar o traballo de aseo.

Id. Previsións específicas para o profesorado

57. Medidas

As reunións levaranse a cabo cumprindo as normas de protección e aforo dos locais. Nestas cumprirase co establecido no referente ao distanciamento interpersoal. O uso de máscaras é obrigatorio.

O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante autorizada e xel hidroalcolico, para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. Dito material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo, o profesorado cumprirá co protocolo de hixiene de mans e

de desinfección do material de uso docente e das superficies ocupadas, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

58. Órganos colexiados

1 – Claustro

As reunións levaranse a cabo en espazos que permitan cumprir co establecido en canto a medidas de hixiene, seguridade e distanciamento social.

Serán responsabilidade individual dos/as usuarios/as a limpeza e desinfección dos postos ocupados.

O uso de máscara é obrigatorio durante toda a sesión.

Garantírase a ventilación da dependencia.

No caso de que a evolución epidemiolóxica impida levar a cabo xuntanzas presenciais, empregárase a comunicación telemática a través das ferramentas establecidas ao efecto.

2 – Consello Escolar

Estas reunións levaranse a cabo preferentemente por vía telemática a través das ferramentas establecidas ao efecto.

Nas sesións garantírase a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos, considéranse validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos no que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros dos órganos colexiados a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde

Creouse un equipo COVID que se formará e estará en contacto co centro de saúde de referencia así como coas familias do alumnado e co profesorado e será a quen se dirixan no caso de sospeita de estar infectados ou de que presenten algún síntoma compatible co coronavirus.

Este equipo está formado por tres mestre/as e tres suplentes.

60. Difusión das medidas de prevención e protección

Darase difusión ás medidas de prevención e difundiranse as medidas e comunicacións que realicen as Consellerías de Sanidade e Educación. Establecerase a páxina web do centro como canle principal de comunicación e difusión, á marxe doutros medios ou ferramentas propias da Consellería de Educación.

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais

No centro está nomeado un equipo TIC que traballará tanto na actualización da páxina web, na que se publicarán novas e instrucións COVID como na posta en marcha da aula virtual. Este equipo está formado por cinco mestres/as coordinados por un dos mesmos. Para o traballo na aula virtual o profesorado realizou no mes de maio un curso de iniciación, que neste curso se formarán os mestres de nova adscrición ao centro. O resto do profesorado realizarán o curso de perfeccionamento no presente curso.

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”

Co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o centro educativo contará cun Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso.

63. Difusión do plan

O equipo COVID asegurará que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro educativo chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as

medidas de prevención e hixiene aos traballadores /as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a información a todas as familias, mantendo as pertinentes canles de comunicación dispoñibles.


Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

O centro educativo informará a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando as medidas de hixiene, organización e prevención. Difundiranse o plan de adaptación á situación COVID e o plan de continxencia a través da páxina web do centro.


ANEXOS

Distribución das aulas


Infantil 4º Ed Infantil



Infantil 5º Ed. Infantil




Infantil 6º Ed. Infantil




Aula Específica


AULA ESPECÍFICA




1º Ed. Primaria




PLANO CLASE 2º EP




3º Ed. Primaria



4º Ed. Primaria



5º Ed. Primaria



6º Ed. Primaria

